

Carta de Londres

Esta vai por despedida...¹

XAVIER QUEIPO

Londres foi dende os anos da mocidade ou do inicio da idade adulta (segundo se vexa) lugar privilegiado para encontros e aventuras.

Londres na educación sentimental

Non en van foi alí, nas súas librarías de segunda man onde atopei ao Eliot máis esquecido, as primeiras novelas de Kazuo Isiguro, de Easton Ellis ou de Timothy Mo, por poñer algúns autores que veñen a chamar á porta da memoria. Alí tamén visitamos (ás librarías adoitaba ir eu só, as outras descubertas foran felizmente conxuntas) os mercados de Candem Town ou de Portobello Road, onde non era infrecuente atopar xente de Vigo ou de Santiago, amigos que levabamos tempo sen ver ou estrelas decadentes do rock alternativo. Lugares onde mercabamos zapatos azuis con corazóns vermellos, camisolas que serían compañeiras varios lustros ou casacas para sentirnos o que eramos e aínda somos, heterodoxos felices e diferentes. Houbo tamén no século pasado (que estraño soa, mais así é, *tempus fugit*) excursións magníficas, gravadas na memoria e nos rexistros fotográficos das cámaras analóxicas, ao barrio de Greenwich para observar os esquíos no parque que hai do lado do observatorio, para sentírmolos ao leste e ao poñente do meridiano que divide o mundo, ou aos xardíns botánicos de Kew, onde re-aprendín a bo-tánica esquecida ou



Bicicletas e cabalos que se cruzan nun fondo de brétema

escribín, en abraio permanente, algunhas das páxinas máis sentidas das miñas primeiras narracións, ou ao barrio de Canary Wharf, que agromaba como corazón alternativo á City. Sen esquecer aqueloutras aventuras nocturnas percorrendo os lugares onde suar a música que nos acaía en cada xeira da nosa vida, como o Heaven ou o Blue Note, para

despois regresar no transporte público aos hoteles de Marble Arch rexentados por cidadáns hindustanos, que eran os únicos albergues aos que chegaba a nosa economía nos anos de carencias. E tamén aquelas visitas á National Portrait Gallery, onde dialoguei, para escándalo dos coidadores, con tantos rostros coñecidos e anónimos.

Entre as veces que fomos de vacacións e aqueloutras que o meu traballo me levou a Londres, debín visitala unha trintena de veces. Converteuse así nun lugar habitual e querido, en especial cando abriron o túnel por baixo da Canle da Manga e daquela tan doado viaxar dende Bruxelas, onde temos residencia case permanente, e dar un chimpo, sen necesidade das esperas e os movementos erráticos nos aeroportos, primeiro á estación de Waterloo e agora á de Saint Pancras.

Chegaran os atentados en cadea no metro de Londres e azares que a vida ten mudáranme de departamento para traballar nas pesqueiras do Mediterráneo. Así, un mes por outro, e un ano tras outro, deixamos de visitala por un período que se alongou unha ducia de anos. Sa-

Xavier Queipo é **biólogo molecular, médico e escritor.**

Fotografías Cé Tomé

ímos gañando en variedade, pois tamén levados polo tren, viaxamos con regularidade a Francia, Austria, Alemaña, Chequia, Italia e mais Croacia, que antes deixamos de lado polo engado permanente que Londres ofrecía, capital da modernidade e abraio permanente, cidade labiríntica e mudábel, mandala de movementos artísticos (lembro as primeiras pezas de Bansky nunha galería anarquista) e culturais.

Reencontro cunha cidade dividida. O Brexit, esa culpa

Este ano 2019 regresamos con espírito crítico e nostálxico, que é unha combinación ben *pavera* de estados de ánimo dalgún xeito complementarios para avaliar a nosa propia evolución e a da cidade, non necesariamente en paralelo.

A cidade —ela, supoño— atopounos tan mudados como nós a ela. Xa nin pensar (esta volta, outras virán) en saír pola noite e relativamente poucas visitas ao Soho e Chinatown (en tempos centro do noso labirinto), paseos máis medidos con albos específicos e outro xeito de ver a vida, máis fotos agora que os aparellos dixitais (cámaras e teléfonos) facilitan e abaratan custos, e tamén máis apuntamentos nos cadernos de notas no meu caso, innúmeras referencias ao pasado e ledicia na descuberta das moitas alternativas que a cidade ofrece agora para comer pola rúa, para experimentar novos sabores e gozar dunha gastronomía que hai uns anos non existía agás para as clases máis adifneiradas. Permitímonos, neste eido, algunhas excentricidades, como almorzar na barra dos almacéns Harrods, onde os camareiros foron simpáticos e moi faladores (non sei se o serán con todos os turistas ou foi a nosa unha feliz coincidencia) e a torta *Russian honey cake*,



Unha das portas do Parlamento de Westminster, co león e o unicornio, símbolos da Coroa británica



Grupo estultórico no Prince Albert Memorial (Kensington Gardens)

magnífica por non dicir superlativa, ou tomar o té nun local a carón de Picadilly Circus, onde custou ferro e fariña rematar os *scones* e as tortas e galletas que o acompañaban.

Algunhas cousas non mudaron moito, como corresponde á cidade apousentada e antiga. Ato- pamos aínda magníficas tendas de vinilos (Reck- less Records), e de libros de primeira e segunda man (aínda que estas últimas tendas semellaban esmorecer máis ca outra cousa) onde merquei li- bros de Emily Dickinson (os seus *Envelope poems*), de Dylan Thomas, de Joyce Carol Oates, de Haruki Murakami, de T. S. Eliot, de Thomas Pynchon... Paseamos por rúas que semellaban di- ferentes, con xente triste e apurada, incluíndo a un Noel Gallagher (si, o de Oasis) nervioso e al- tivo baixando dun auto de alta gama con chofer e entrando na tenda Stone Island de Brewer St, coa mesma sensación de sempre de embigo do mundo mais con menos tráfico, menos polución e menos ruído. Pareceume nalgúns aspectos unha cidade máis amábel para vivir que a que experi- mentamos nas últimas décadas do século pasado e nos primeiros anos deste século, de cambios de ritmo e empurróns tecnolóxicos diversos. Se

cadra porque nada esperabamos e todo contaba- mos que mudase; se cadra por iso, pasámolo ben establecendo diferenzas e constatando novida- des de interese nas formas e nas maneiras de a xente asumir as despedidas.

Si, había un certo ambiente de despedida, non en nós que estabamos en modo reencontro, mais na xentiña que se manifestaba un día si e outro tamén, ás veces en grupo e outras na soi- dade de quen ten unha idea obsesiva (sen chegar necesariamente a TOC², mais con teimosía), diante do parlamento de Westminster, onde sa- biamos polas noticias que un día tras outro, con lixeiros asuetos para repensar o futuro, os políti- cos británicos escribían unha das páxinas máis absurdas da súa historia: o Brexit, que leva máis de tres anos entre o si e o non, aínda que polos visos vai ser finalmente de saída da Unión pola porta pequena do trasacordo (enganareime, tal- vez, como en cada ocasión que fago unha previ- sión sobre política, tafur sen *baraka*).

Non cometemos o erro de preguntar aos nosos interlocutores pola súa opinión por mor de non molestalos, pois quer estivesen a favor da saída (xa lles tardaba) ou en contra (arrepentidos

de tomar unha decisión baseada en trolas como rodas de muíño), nada adiantaba e de seguro que lles facía subir a tensión arterial ou lles producía unha baixada de azucre ou unha deshidratación inopinada e aínda, no peor dos casos, se dabamos con xente da barreira, amosarían o seu peor café, con insultos e imprecacións, linguaxe groseira de *hooligans* experimentados e violentos.

Cidade soñada

Hai anos (case tantos como levamos sen vir a Londres) escribín para un dos encontros de escritores de Galeusca, alá polo 2004, unha colaboración sobre “As cidades soñadas”. Daquela falaba eu das cidades “mandala” de estrutura volátil, das cidades “rayuela” e das cidades “esteiro” e esa poeira azul que o cobre todo, entre outros tipos de cidades inventadas para a ocasión. Londres é se cadra compendio de todas elas pois é labirinto e aglomeración, funciona en varios estratos e ten posibilidades sen límite, permite múltiples visitas alternativas ou temáticas e fica sempre aberta a descubertas non propositadas, incluídos os centos de linguas que co inglés se mesturan e entrelazan nas súas rúas de fusión de culturas e de ritmos.

Dúas desas descubertas nesta viaxe teñen que ver con escritores e as casas onde eles viviran unha parte da súa vida creativa. Así, paseando sen procurar camiño do mercado de Portobello, demos na altura do número 22 cunha placa en Portobello Road que lembraba a estadia de George Orwell (do que cada década que pasa dende 1980 leo a súa novela *1984* para constatar o tantas veces atinado das súas premonicións) e outro, distante; mágoa, non anotei o nome da rúa mais ficaba baixando de Covent Garden, próxima do Strand, creo recordar, que marcaba a estadia en Londres de Herman Melville, o autor de *Moby Dick* e *Billy Bud*, mais tamén de *Barleby o escribente* (*Bartleby, the Scrivener*), que tan ben recolle a historia dalgúns funcionarios da súa época (e da nosa). Non son seareiro das casas de escritores (non adoitan dicir nada en especial) e menos aínda cando foron, como nestes dous casos, residencias limitadas no tempo), mais Orwell e Melville son dous dos meus referentes e daquela, pois disimulen a confidencia, sentín unha emoción especial, e pechando os ollos (cousas de escritores, non fagan moito caso) crín escoitar a súa voz dirixíndose a min cun par de consellos, que atesouro para o futuro.

Chama a atención que tanto Orwell como Melville, souberon destilar historias e caracteres que diríamos, co ar unha chisca pomposo, universais e por iso, malia o tempo pasado, non deixan de ter sentido e actuar como caracteres-



Estatua de Xurxo V en Westminster

patrón, o mesmo que lle acontece, malia os vaivéns da política e da economía, a esa cidade inabarcábel e poliédrica, semovente e, ao tempo, ancorada sempre no meridiano cero, aquel que no barrio de Greenwich, divide o mundo.

Volverei, volveremos, iso espero, no futuro, a esta Ítaca soñada. Daquela, Londres terá mudado de cacho, mais seguirá sendo en esencia o mesmo animal con outro exoesqueleto, coma se fose unha grande nécora que muda a pel, mais que non por iso deixa de ser unha nécora, que avanza e camiña, non cara atrás senón de xeito errático, avanzando lateralmente, abrindo camiños entres as rochas, agochándose e reaparecendo entre pucharcas e pozas que deixa descubertas a marea, na mallante das crises capitalistas ■

1. Primeiro verso dunha cantiga popular : “Esta vai por despedida / hoxe aquí non canto outra: os señores que ma oen / de hoxe nun ano me oían”.
2. TOC son as siglas de trastorno obsesivo-compulsivo.